

COMO

funciona o Observatorio ?

A través de xuntanzas periódicas nas que pombos en común as análises, deseñamos estratexias e actividades a realizar na Mariña, e informamos de recursos dispoñíbeis.

QUEN


pode formar parte do Observatorio ?

Todas as mulleres que estean dispostas a traballar a prol da igualdade de xénero na Mariña de forma voluntaria, colaborando en diferentes actividades en función das posibilidades de cadaquén.

COMO podo

UNIRME

Simplemente póndate en contacto connosco!



Únete a nós e traballa
**Pola igualdade
na Mariña**


SE QUERES SABER MÁIS...

OBSERVATORIO DA MARIÑA POLA IGUALDADE

- >Entra en observatorioigualdade.blogaliza.org
- >Escribe a observatorioigualdade@gmail.com
- >Chama ao 650 960 485 / 696 213 664



Observatorio
da Mariña
pola Igualdade



Observatorio

da

Mariña

pola

Igualdade

QUE é

o OBSERVATORIO DA MARIÑA POLA IGUALDADE ?

Unha asociación feminista, integrada por mulleres da Mariña.

>Por que FEMINISTA ?

O feminismo ten por obxectivo acadar a igualdade social entre mulleres e homes, superando a discriminación por razóns de sexo.

>Por que DA MARINA ?

O Observatorio está integrado por mulleres pertencentes ás diversas localidades que conforman a Mariña. Queremos achegarnos á nosa contorna e dar resposta ás demandas e ás problemáticas específicas formuladas polas mulleres da nosa comarca.

POLA IGUALDADE NA MARIÑA



POR QUE

nace o Observatorio ?

Na nosa sociedade as mulleres seguen sufrindo discriminación (abonda pensar na feminización da pobreza, violencia, desemprego feminino, negación do dereito a decidir sobre o noso corpo, etc).

O Observatorio nace porque cremos que debemos seguir xerando conciencia crítica e impulsar movementos que fomenten a participación activa das mulleres como principais protagonistas da transformación social.

OBXECTIVOS

CALES son os do Observatorio ?

1. Enfocar a realidade da nosa comarca desde a PERSPECTIVA DE XÉNERO, é dicir, tendo en conta as particularidades da situación social das mulleres e dos homes, os seus problemas concretos e as súas necesidades específicas.
2. Analizar e identificar como se constrúen as DESIGUALDADES SOCIAIS entre os xéneros a nivel local, na nosa comarca.
3. DAR A COÑECER as problemáticas que afectan de forma específica ás mulleres da Mariña.



Observatorio da Mariña pola Igualdade

POLA IGUALDADE NA MARIÑA

4. Pór en práctica ESTRATEGIAS, actividades e alternativas reais que contribúan, dende o nivel local, a transformar a sociedade patriarcal nunha SOCIEDADE IGUALITARIA.

5. Servir como unha canle de COMUNICACIÓN entre as institucións da nosa comarca e a sociedade civil, informando a mulleres e homes dos RECURSOS cos que cuentan a nivel institucional para mellorar as súas vidas.

6. Velar pola aplicación do PRINCIPIO DE IGUALDADE DE XÉNERO no conxunto das accións e políticas que se desenvolvan na Mariña para alcanzar unha igualdade real entre mulleres e homes.

